

Plantilla memoria xustificación económica de Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental

Universidade de Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

1. Persoal Académico

1.1 PDI da titulación

A proposta de PDI para o Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental é a seguinte:

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
Vigo	Catedrático/a de Universidade	37,8	100,0	40,7
Vigo	Titular de Universidade	31,1	100,0	41,5
Vigo	Contratado/a Doctor/a	2,7	100,0	2,2
Vigo	Profesor Asociado	1,4	100,0	0,7
Vigo	Ramón y Cajal	14,9	100,0	8,1
Vigo	Investigador Posdoutoral Distinguido	1,4	100,0	0,7
Vigo	Juan de la Cierva	1,4	100,0	0,7
Vigo	Investigador Posdoutoral Xunta de Galicia	2,7	100,0	1,5
Vigo	Investigador Posdoutoral Campus Auga	2,7	100,0	1,5
Vigo	Personal Investigador Posdoutoral	2,7	100,0	1,5
Vigo	Personal Investigador Doctor	1,4	100,0	0,7

O cadro de profesorado dispoñible para o Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental é a seguinte:

TÁBOA 1.2

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers.	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Total	Parcial			
Vigo	Catedrático/a de Universidade	28	Permanente		x	28	135	130
Vigo	Titular de Universidade	23	Permanente		x	23	64	56
Vigo	Contratado/a Doctor/a	2	Permanente		x	2	11	2
Vigo	Profesor Asociado	1	Temporal		x	1	0	0
Vigo	Ramón y Cajal	11	Temporal		x	11	0	0
Vigo	Investigador Posdoutoral Distinguido	1	Temporal		x	1	0	0
Vigo	Juan de la Cierva	1	Temporal		x	1	0	0
Vigo	Investigador Posdoutoral	2	Temporal		x	2	0	0

	Xunta de Galicia							
Vigo	Investigador Posdoutoral Campus Auga	2	Temporal		x	2	0	0
Vigo	Personal Investigador Posdoutoral	2	Temporal		x	2	0	0
Vigo	Personal Investigador Doctor	1	Temporal		x	1	0	0

Non se precisa novo profesorado

TÁBOA 1.1:

Cadro de novo profesorado necesario				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %

1.2 Outros recursos humanos

O cadro de recursos humanos dispoñible para o Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental é o seguinte:

Outros recursos humanos dispoñibles (PAS: Secretaría, Conserxería, Biblioteca, etc...)		
Categoría	Tipo de vinculación coa universidade	Dedicación
Jefa de negociado- Secretaría de Decanato	Personal funcionario-PAS	Fijo
Jefa de área - Área de estudos de máster y Doctorado	Personal funcionario-PAS	Fijo
Jefa de negociado - Área de estudos de máster y Doctorado	Personal funcionario-PAS	Fijo
Puesto base - Área de estudos de máster y Doctorado	Personal funcionario-PAS	Fijo
Jefa de área - Area de Apoyo a la Gestión de Centros y Departamentos	Personal funcionario-PAS	Fijo
Jefa de negociado - Area de Apoyo a la Gestión de Centros y Departamentos	Personal funcionario-PAS	Fijo
Jefa de negociado - Area de Apoyo a la Gestión de Centros y Departamentos	Personal funcionario-PAS	Fijo
T.E. Análisis de los alimentos - Personal Técnico de Laboratorio	Personal funcionario-PAS	Fijo
T.E. Laboratorio de Química - Personal Técnico de Laboratorio	Personal funcionario-PAS	Fijo
Técnico Especialista - Área de Servicios Generales	Personal funcionario-PAS	Fijo
Auxiliar Técnico - Área de Servicios Generales	Personal funcionario-PAS	Fijo
Auxiliar Técnico - Área de Servicios Generales	Personal funcionario-PAS	Fijo

Auxiliar Técnico - Área de Servicios Generales	Personal funcionario-PAS	Fijo
Auxiliar Técnico - Área de Servicios Generales	Personal funcionario-PAS	Fijo
Jefa de negociado - Área Económica	Personal funcionario-PAS	Fijo
Administradora - Administradora do Campus de Ourense	Personal funcionario-PAS	Fijo
Dirección Biblioteca Campus Ourense	Personal funcionario-PAS	Fijo
Subdirección Biblioteca Campus Ourense	Personal funcionario-PAS	Fijo
Jefa de Área Campus Ourense (soporte aprendizaje e investigación)	Personal funcionario-PAS	Fijo
Préstamo - Biblioteca Campus Ourense	Personal funcionario-PAS	Fijo
Conserjería - Biblioteca Campus Ourense	Personal funcionario-PAS	Fijo

2 Recursos materiais e servizos

2.1 Espazos dispoñibles

A docencia do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental impartirase nas aulas de teoría (AULAS 3.3, 3.4, 3.5, 3.6) do Edificio Politécnico, así como nos Laboratorios de Prácticas da Facultade de Ciencias, os devanditos espacios estrutúranse do seguinte xeito:

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA –TEORÍA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
As aulas de Teoría son catro (Aula 3.3, 3.4, 3.5 e 3.6), nelas impartirase a docencia semipresencial, para elo estas aulas están dotadas con infraestructura informática e sistemas de proxección multimedia co fin de poder ter alumnado de forma síncrona, é decir alumnado de forma presencial e en remoto. Para esta última modalidade, remoto, farase uso da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo “Campus Remoto” (https://campusremotouvigo.gal/) esta plataforma é un sistema de “aulas en directo” virtuais que permiten impartir a docencia mediante videoconferencia, con funcionalidades adicionais como compartir pantalla e presentacións, chat ou gravación. As salas son xestionadas polos decanatos as direccións dos centros, sendo reservadas para a impartición do Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental 4 delas. Todas as aulas contan con cobertura wifi, o que permite ao alumnado acceder a recursos en liña dispostos nas ferramentas de teledocencia dos que dispón a Universidade de Vigo, como pode ser a plataforma MOOVI (https://moovi.uvigo.gal/), onde o alumnado poderá acceder aos contidos do temario que proporcione o profesorado, así como realizar as diferentes actividades e avaliacións que o profesorado lles solicite.	Clases Teoría	Entre 1 y 45 alumnos/as
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	3.3, 3.4, 3.5 e 3.6	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – LABORATORIO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>A Facultade de Ciencias dispón, no Edificio Politécnico do Campus de As Lagoas de Ourense, dun total de 10 laboratorios docentes para docencia práctica. Estes dispoñen das infraestruturas necesarias para impartir a docencia de laboratorio recollida na presente memoria. Ademais, existen outros 10 laboratorios de investigación das áreas de coñecemento implicadas equipadas coas seguintes infraestruturas: HPLC, Espectrofotómetros, Muestreadores da calidade ambiental, tensiómetros, Microscópios, Fermentadores, etc...</p> <p>Por outra banda, a Facultade de Ciencias dispón ademais dun Invernadoiro e dunha leira de prácticas no Campus Universitario que permitirá a impartición da docencia específica das materias das especialidades de Ciencias Ambientais e Ciencias Agrarias e Alimentarias. No Campus Auga está situada a Planta Piloto de Industrias Agroalimentarias, que conta con material e equipamento para a obtención de subproductos dos procesos relacionados coa industria alimentaria. Nesta instalación impartirase gran parte da docencia específica das materias da especialidade de Procesos na Industria Alimentaria. Estas dúas instalacións permitirán ao alumnado realizar prácticas de desenvolvemento a pequena escala nos diferentes procesos industriais.</p>	Clases Prácticas	Entre 12 y 24 alumnos/as
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	Laboratorio de Botánica, Laboratorio de Bromatología, Laboratorio de Ciencia y Tecnología de los Alimentos, Laboratorio de Física, Laboratorio de Geodinámica, Laboratorio de Ingeniería Química, Laboratorio de Microbiología, Laboratorio de Química, Laboratorio de Análisis Instrumental, Laboratorio de Toxicología. Invernadoiro e Planta Piloto.	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – SALÓN DE GRADOS		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo para realización de presentación, conferencias, defensa de TFGs/TFMs, lecturas de teses, etc. Equipado con canon e pantalla de proxección.	Presentacións, conferencias, lecturas de traballos e teses	54 persoas
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	Salón de Graos	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – SALÓN DE ACTOS		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo para realización de exames, presentacións, conferencias, defensa de TFGs/TFMs, lecturas de teses, etc. Equipado con canon e pantalla de proxección.	Exames, presentacións, conferencias	480 persoas
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	Salón de Actos	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – SALA DE REUNIÓN		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo para reunións. Equipado con canon e pantalla de proxección.	Reunións	14 postos
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)	Sala de Reunións	

En relación cos mecanismos para garantir a revisión e o mantemento dos materiais e servizos dispoñibles, a Facultade de Ciencias, a pedimento do seu profesorado, revisa ao comezo de cada cuadrimestre a adecuación dos seus equipamentos docentes en función das actividades que o profesorado levará a cabo. Unha vez detectadas as necesidades realízase a renovación ou compra de novo equipamento. O PDI con docencia no centro conta con despachos para levar a cabo os seus labores de titorías, estes constan de dous postos de traballo totalmente equipados. Os grupos de investigación dos diferentes departamentos dispoñen de laboratorios, tanto no propio Centro como no Campus Auga por exemplo a Planta Piloto, onde se levan a cabo tarefas de I+D, ás que se incorporan a miúdo alumnos no marco de proxectos con empresas, bolsas de investigación, bolsas de colaboración etc. Ademais, tamén se dispón de espazos para a Conserxería, Administración, Xefe de Administración, Responsable de Asuntos Económicos, Secretaria de Dirección, e Dirección.

Outros recursos materiais: Á parte das infraestruturas e dotacións situadas en espazos concretos de docencia-aprendizaxe, existe material diverso que pode ser utilizado por profesorado e estudantes na súa actividade no centro. O uso deste material é controlado polo servizo de Conserxería da Facultade de Ciencias mediante un sistema establecido que inclúe o compromiso para unha utilización adecuada por parte do usuario. O material dispoñible consiste en: computadores

portátiles, proxectores dixitais, reprodutores de vídeo en diversos formatos, monitores, escaleiras de man, cables de conexión etc.

Recursos docentes en rede: Como apoio á actividade docente presencial, a Universidade de Vigo pon ao dispor do profesorado a plataforma informática Moovi con recursos en liña destinados a tele-formación. Ademais, tamén pon ao dispor de todo o profesorado a plataforma Campus Remoto, cada profesor dispón dun despacho virtual que utilizará para poder impartir as aulas de forma síncrona, é dicir, con alumnado de forma presencial e en remoto ao mesmo tempo.

Servizo de cafetería e restauración: A Facultade Ciencias dispón de servizo de cafetería, ademais de máquinas de café, bebidas e alimentos para toda a comunidade. A maiores, existen fontes refrixeradas de auga potable de libre disposición.

Servizo de Biblioteca: A Universidade de Vigo optou por centralizar os servizos de biblioteca. Actualmente componse de tres bibliotecas centrais, unha en cada campus (Ourense, Pontevedra e Vigo), e dunha serie de bibliotecas situadas en centros académicos. En total, unha rede de once puntos de servizo repartidos entre os distintos campus. A Biblioteca Central do Campus de Ourense conta con edificio propio, é un servizo xeral accesible para todos os estudantes, profesores, investigadores e persoal da Universidade de Vigo. O seu obxectivo é xestionar e poñer ao dispor da comunidade universitaria un conxunto de recursos e servizos de información como apoio ás súas actividades de aprendizaxe, docencia e investigación. Entre outros servizos ofrece: Salas de lectura para a consulta das coleccións da Biblioteca e para o estudo e a investigación, dotadas de equipamentos informáticos e rede wi-fi, catálogo dos fondos bibliográficos accesible na internet que permite localizar as obras e recursos integrados nas coleccións, renovar préstamos e buscar a bibliografía recomendada nos programas docentes, consulta remota aos recursos electrónicos contratados pola Biblioteca: bases de datos, revistas electrónicas, libros electrónicos, ou portais da internet. Finalmente, dentro da política de alianzas e cooperación no ámbito bibliotecario, a Biblioteca da Universidade de Vigo é membro activo do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (BUGALICIA) e está integrado na Rede REBIUN.

2.2 Novos espazos necesarios

Non se precisan

2.3 Novos equipamentos necesarios

Non se precisan